

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e a Interventor Xeral Municipal en función, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 1 de setembro de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación da actividade de almacén de materiais de construción con exposición e venda de equipamento para baños e cociñas, e de licenza de obra para ampliación de nave con licenza municipal número 106/79, sita na rúa da Industria, parcela 89.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento dun predio matriz cunha superficie de 4.000 m² en dúas parcelas, no núcleo rural tradicional do cuco, parroquia de Santo André de Castro e para reconstrución de cuberta no edificio coa licenza número 169/1974, substituíndo a estrutura de madeira por unha de aceiro, na rúa da Fraga, números 6 - 8.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a execución sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pronunciada no recurso de apelación nº 377/2008, interposto polo Excmo. Concello de Lugo contra o auto do Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, ditado con data do 2 de abril de 2008, en execución de sentenza no recurso contencioso administrativo nº 438/2004.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios polos Axentes de Consumo, dentro do programa de actuacións da OMIC. Cursos micoloxía e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do proxecto técnico e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación das obras de rexeneración de firmes na estrada de Brea a enlace coa autovía no Ceao e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto técnico e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación das obras de restauración e valorización da piscina romana da praza de Santa María en Lugo (proxecto 09UR3102 cofinanciado nun 70% polo fondo europeo de desenvolvemento rexional - FEDER) e da apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a adxudicación definitiva na contratación do servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais así como nos colexios públicos do Concello de Lugo.

Así mesmo, acórdase a adxudicación definitiva na contratación da xestión do servizo público de axuda no fogar e comida no fogar no Concello de Lugo.

Acórdase a adxudicación provisional na contratación das obras de repavimentación e canalizacións no Núcleo Histórico. rúa Nova, encadradas no programa de iniciativa urbana (Proxecto Urban) cofinanciadas polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) cunha achega de 25.828,80 euros. Proxecto 10UR3001 Urban. Eliminación de antenas e cableado.

ÁREA DE ALCALDÍA

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Refª: 10extractoxg40.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-9-2010

5. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a estimación en parte da reclamación presentada por danos persoais causados como consecuencia dunha caída na estrada de Ombreiro (R 55/07).

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a Delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego en relación coa aprobación do documento ou Convenio con Evislusa para materias de rehabilitación de edificacións e outras actuacións.

- Apróbase o Convenio de colaboración entre a fundación empresa-universidade galega (FEUGA) e o Concello de Lugo para desenvolver o programa de bolsas para a formación de licenciados/diplomados 2010-2011: servizo de medio ambiente: M.^a Lucía López Felipe.

Lugo, 8 de setembro de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García